

**ESPAZOS
NATURAIS
PROTEXIDOS
DE
GALICIA**

A protección do noso medio natural

No territorio de Galicia teñen cabida unha grande diversidade de ecosistemas grazas á súa posición xeográfica o seu relevo e clima. Para a protección deses ecosistemas fundouse a Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos, que representa máis do 12% da superficie total galega. Nela recóllense aqueles espazos naturais de gran valor paisaxístico e ecolóxico, nos que se debe protexer a fauna e a vexetación propias da Comunidade.

Os espazos naturais protexidos están repartidos en diferentes categorías e así temos :

- Os **Parques Nacionais** son áreas naturais cuns valores ecolóxicos, estéticos e científicos que merecen unha atención preferente e son de interese xeral. Destaca o Parque Nacional Marítimo e Terrestre das Illas Atlánticas.

- Os **Parques Naturais** son áreas con paisaxes de gran beleza que posúen uns ecosistemas, unha fauna e unha flora singulares que requiren protección. Son os seguintes :

- Baixa Limia-Serra do Xurés.
- Fragas do Eume
- Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carrexal e Vixán
- O Invernadeiro
- O Monte Aloia
- A serra da Enciña da Lastra

- Os **Monumentos Naturais** son lugares que representan algún elemento de tipo xeolóxico, paisaxístico ou biolóxico que se debe conservar. Son os seguintes :

- A Praia das Catedrais.
- O Souto da Retorta
- O Souto de Rozabales
- A Fraga de Catasós
- A Costa de Dexo
- A Pena Corneira
- A Carballa da Rocha

- Os **humedais** son zonas da superficie terrestre que están inundadas de maneira permanente ou intermitentemente e nas que se dá un ecosistema específico distinto dos puramente acuáticos ou terrestres, de aí que requiran unha especial protección.

Son os seguintes :

- A Ría de Ribadeo
- A Lagoa e Areal de Valdoviño
- O Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carrexal e Vixán
- O Complexo intermareal Umia - O Grove, A Lanzada, punta Carreirón e lagoa Bodeira
- A Ría de Ortigueira e Ladrado

Parque Nacional Marítimo e Terrestre das Illas Atlánticas.

Parque que consta de 4 arquipélagos situados nas Rías Baixas : Illas Cíes, Ons , Sálvora e Cortegada . Neste parque albérganse ecosistemas singularmente importantes para a protección de moitas aves mariñas que aquí fan os seus niños e pasan parte do ano .



Parque Nacional e Parques Naturais de Galicia



Monumentos Naturais de Galicia

